

NORMATIVA DE CREACIÓN DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020. Modificado en Consello de Goberno na súa sesión do 25/03/2021)

A UDC orienta a súa acción estratéxica en investigación cara á especialización marcada pola excelencia e o aliñamento coas estratexias europeas, estatais e rexionais. Esta estratexia incorpora unha visión institucional dirixida á creación e potenciación de centros de investigación, orientados sobre áreas científicas que mostran un impacto relevante a nivel internacional e con capacidade para dar un salto cualitativo na súa actividade, dentro dun novo escenario que require espazos e infraestruturas diferenciadas e con novos modelos de organización que propicien o desenvolvemento dunha investigación competitiva de carácter interdisciplinario, capaces de producir resultados na fronteira do coñecemento e con potencial de transferencia.

Neste contexto, e consciente da súa posición periférica e do contorno socioeconómico en que se insire, a UDC precisa incrementar as súas capacidades en investigación para facer fronte con eficacia aos obxectivos descritos. Só o traballo conxunto do persoal investigador apoiado pola totalidade da comunidade universitaria posibilita acceder a un nivel de investigación que cada vez precisa de equipos máis amplos, transdisciplinarios e capacitados para poder competir e traballar en contextos internacionalizados.

Esta é, pois, a razón de ser dos centros de investigación da Universidade da Coruña, entendidos como estruturas supragrupais compostas por persoas, recursos e medios instrumentais no seo da UDC para propiciar o avance do coñecemento, da innovación científica e do desenvolvemento tecnolóxico.

Os obxectivos fundamentais destes centros de investigación son, esencialmente, potenciar a multidisciplinaria e a investigación de excelencia, tanto básica como aplicada, ademais de (1) Fomentar a incorporación dun número maior de investigadores cos que dispor da masa crítica necesaria para concorrer a axudas de organismos autonómicos, estatais e internacionais. (2) Mellorar a transferencia de coñecemento e a divulgación científica. (3) Fomentar a colaboración entre investigadores de diferentes ámbitos do coñecemento en proxectos comúns. E (4) atraer un maior número de investigadores de talento para a Universidade da Coruña.

A UDC plasma o seu apoio á ciencia excelente en programas propios como Berce e Intalent. Estes programas están destinados tanto a investigadores propios como a outros de calquera parte do mundo, que decidan desenvolver o seu proxecto investigador na nosa universidade. Nesta política de captación e retención de talento, levamos participando con éxito en convocatorias tanto nacionais (Beatriz Galindo, Ramón y Cajal, JIN, Juan de la Cierva) como autonómicas (programa de investigadores distinguidos da Xunta de Galicia). Un dos obxectivos destas convocatorias é o de fortalecer os nosos grupos e centros de investigación.

Esta normativa establece a conceptualización dos centros de investigación, ao tempo que determina os pasos que é preciso seguir para a súa creación no seo da institución e posibilitar o seu recoñecemento e posicionamento externo de acordo coa normativa estatal e autonómica vixente.

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	26/03/2021 14:14:34
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==		



Artigo 1. Definición

Os centros de investigación (a partir de agora centros) son unidades de investigación que, creados ao abeiro do disposto neste regulamento, desenvolven actividades de investigación e transferencia arredor dun ámbito científico común, cun proxecto estratéxico ben definido, orientados á xeración de coñecemento de excelencia e á súa transferencia á sociedade.

Artigo 2. Funcións

Son funcións dos centros de investigación impulsar, fomentar, promocionar e desenvolver actividades de investigación de calidade e impacto, que permitan contribuír de maneira significativa á creación de coñecemento especializado que sirva para resolver problemas e retos da sociedade. Así, os centros deberán:

- Promover a investigación científica de calidade co fin de impulsar e contribuír á xeración de coñecemento.
- Elaborar e executar proxectos de investigación científica e tecnolóxica, conforme ás directrices e obxectivos da UDC en materia de política científica.
- Colaborar na análise e selección de obxectivos científicos e tecnolóxicos de futuro.
- Fomentar todos aqueles programas que tendan ao avance do coñecemento en investigación básica e aplicada.
- Desenvolver programas de formación de investigadores e técnicos no campo da ciencia e da tecnoloxía, de acordo coa súa evolución no ámbito nacional e internacional, así como en atención ás demandas dos distintos sectores de actividade.
- Contribuír á definición dos obxectivos da política científica e colaborar nas tarefas de avaliación e seguimento destes.
- Actuar considerando os principios de investigación e innovación responsables no que se refire a cuestións éticas, políticas de xénero, acceso aberto e implicación coa sociedade e a cidadanía.
- Realizar unha avaliación periódica que permita analizar a evolución do centro e do persoal investigador adscrito a el, co obxectivo de garantir a calidade tanto na xeración de coñecemento como nas outras funcións asociadas a este.

Artigo 3. Tipoloxía de centros

Establécense os seguintes tipos de centros:

- Centros propios: promovidos pola UDC cos obxectivos e as características da presente normativa.
- Centros interuniversitarios: constituídos conxuntamente con outras universidades mediante un convenio específico.
- Centros mixtos: constituídos conxuntamente con organismos públicos de investigación,

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	26/03/2021 14:14:34
Observacións				Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==				



con centros do sistema público de saúde e con outros centros públicos ou privados sen ánimo de lucro, mediante un convenio específico.

Tanto no caso dos centros interuniversitarios como dos mixtos, garantirase nos correspondentes convenios a participación da Universidade da Coruña no goberno, as actividades e os resultados científicos e económicos da entidade, polo menos en proporción aos recursos materiais e investigadores que achegue.

A Universidade poderá promover a acreditación dos centros dentro do marco normativo nacional e autonómico.

Artigo 4. Goberno

1. Os centros rexeranse polo seu regulamento de réxime interno, que aprobará o Consello de Goberno da UDC.
2. Os órganos mínimos de goberno dos centros serán os seguintes:
 - a) o Consello Reitor
 - b) o Comité de Dirección
 - c) a Comisión Asesora Externa
 - d) o/a director/a ou director/a científico/a
 - e) o/a director/a técnico/a ou director/a adxunto/a ou subdirector/a

Artigo 5. Consello Reitor

1. O Consello Reitor, órgano superior de goberno do centro, estará composto, polo menos, polas seguintes persoas:
 - a. O/a reitor/a da Universidade, que o presidirá e convocará, ou persoa en quen delegue.
 - b. O/a vicerreitor/a con competencias en investigación, ou persoa en quen delegue.
 - c. Un/unha vogal en representación do Consello de Goberno da UDC, nomeado/a polo/a reitor/a.
 - d. De as haber, unha representación das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade investigadora do centro.
 - e. O/a director/a ou director/a científico/a do centro, que será nomeado/a polo Reitor/a, a proposta do vicerreitor/a competente en materia de investigación, por un período de 4 anos.
 - f. O/a director/a técnico/a ou director/a adxunto/a ou subdirector/a que actuará, así mesmo, como secretario/a do Consello Reitor, e que será nomeado/a polo Reitor/a, a proposta da persoa que ostente a dirección científica do centro, por un período igual ao que lle reste de mandato á dita persoa.
2. Os membros universitarios deberán representar sempre a maioría do Consello Reitor.

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHv3+1bKe6raw==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	26/03/2021 14:14:34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHv3+1bKe6raw==		
		Páxina	3/9



3. O Consello Reitor reunirse, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria as veces que sexa necesario, de acordo co que estableza o seu regulamento de réxime interno.

4. Sen menoscabo das competencias que, de acordo coa normativa vixente, sexan propias dos órganos superiores de goberno da UDC, son competencias do Consello Reitor do centro as seguintes:

- a) Aprobar o programa xeral de actividades e o Plan estratéxico do centro e as súas modificacións.
- b) Aprobar a proposta do orzamento de ingresos e gastos, así como a liquidación deste que, acompañada da memoria de actuación, remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC.
- c) Artellar programas que reciban achegas do sector público comunitario, estatal, autonómico ou local, e dos sectores privados, universitarios ou organizacións internacionais.
- d) Proporlle ao Consello de Goberno da UDC a incorporación doutras entidades públicas ou privadas ao Consello Reitor, de acordo co previsto no presente regulamento.
- e) Proporlle ao Consello de Goberno da UDC un regulamento de réxime interno, ou a súa modificación cando proceder.
- f) Propor o nomeamento ou cese dos membros do Comité de Dirección
- g) Propor o nomeamento ou cese dos membros da Comisión Asesora Externa
- h) Acordar a proposta de cese de quen dirixa cientificamente o centro, cando concurran as circunstancias que se determinen no seu regulamento interno.

Artigo 6. Comité de Dirección

O Comité de Dirección (a partir de agora CD) será un órgano colexiado competente para desenvolver as liñas estratéxicas do centro, cuxos membros serán nomeados pola persoa que o dirixa cientificamente, a proposta do Consello Reitor, e aplicando o que a estes efectos se dispoña no regulamento interno. As súas funcións e procedemento de traballo haberáanse de detallar tamén no regulamento interno do centro.

Artigo 7. Comisión Asesora Externa

A Comisión Asesora Externa (a partir de agora SAB, polas súas siglas en inglés, Scientific Advisory Board) será un órgano asesor integrado por científicos de prestixio no ámbito de actuación do centro. Será designada polo reitor ou vicerreitor con competencias en investigación, por proposta do Consello Reitor do centro, que establecerá o seu réxime de funcionamento.

Terá as seguintes funcións:

- a) Asesorar a Dirección Científica e a Comisión Reitora sobre a definición temática e a orientación da investigación que se desenvolve no centro, así como sobre calquera outro

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	26/03/2021 14:14:34
Observacións				Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==				



aspecto que se considere oportuno.

- b) Asistir a Dirección Científica e a Comisión Reitora sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- c) Avaliar periodicamente a actividade científica dos investigadores/as vinculados ao centro, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- d) Informar sobre o interese da vinculación de novos investigadores/as titulares e/ou asociados/as ao centro.
- e) Avaliar anualmente as memorias de actividades do centro.
- f) Avaliar globalmente cada catro anos a actividade do centro.

Artigo 8. Organización do goberno

Independentemente dos órganos de goberno establecidos no artigo 4.2, cada centro poderá definir un organigrama para a xestión que se adecúe as súas necesidades e ámbitos de actuación. Este organigrama figurará no regulamento de réxime interno.

Artigo 9. Membros do centro

1. No que respecta ao persoal, os centros configúranse segundo a composición que establece este artigo.

2. Os centros poderán contar con diferentes tipos de membros:

- a) Persoal investigador (a partir de agora PDI), funcionario ou con relación contractual coa UDC.
- b) Investigadores en formación, que contén coa dirección dun investigador/a adscrito/a á UDC.
- c) Persoal técnico de xestión, laboratorio ou informáticos.
- d) Persoal de administración e servizos (a partir de agora PAS).
- e) Investigador/a colaborador/a: persoal investigador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderá ser proposto por un membro permanente do centro ou da SAB e deberá contar coa aprobación expresa do CD. Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20 % do total de membros.

3. A adscrición a un centro realizarase de maneira individual, exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda da adscrición ao departamento/facultade/escola e grupo de investigación a que pertenza nin menoscabo das súas obrigas. Ningún investigador ou investigadora poderá estar simultaneamente adscrito a máis dun centro de investigación da UDC, salvo no caso de centros interuniversitarios segundo a proporción que se estipule.

4. O PDI, permanente e non permanente, así como as figuras derivadas das políticas de captación de talento posdoutorais –como Intalent, Beatriz Galindo e Ramón y Cajal– que

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	26/03/2021 14:14:34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==		
		Páxina	5/9



soliciten adscribirse ao centro deberano solicitar de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do centro lle solicite. No caso de que o investigador pertencese a un centro de investigación antes de se adscribir ao novo centro deberá presentar o documento de desvinculación do centro saínte.

A adscripción dos investigadores en formación e técnicos será responsabilidade do seu investigador principal.

5. A adscripción terá unha duración mínima de catro anos a partir da data de autorización e unicamente poderá ser revogada polo CD por causa debidamente xustificada.

6. O CD, co asesoramento da SAB, deseñará os criterios de avaliación específicos e designará unha comisión avaliadora que revise, cada catro anos, a permanencia dos investigadores no centro. Os criterios de avaliación aplicables deberán estar indicados na normativa interna de adscripción ao centro.

Artigo 10. Creación

1. A iniciativa para a creación de centros de titularidade propia da UDC correspóndelles aos investigadores ou ao equipo de goberno da UDC polas canles que se establecen neste regulamento.

2. Ademais dos requisitos de creación esixidos por norma estatal ou autonómica, a proposta de creación do centro deberá incluír o seguinte:

- a) Unha proposta de 7 investigadores garantes, vinculados a tempo completo. Estes investigadores deben cumprir nos últimos 5 anos con criterios de excelencia científica no seu ámbito disciplinar, en atención ao impacto das súas publicacións científicas, liderado de proxectos internacionais e/ou nacionais, dirección de teses de doutoramento e transferencia de coñecemento á sociedade.
- b) Unha memoria en que consten polo menos os seguintes aspectos:
 - Xustificación da necesidade de creación.
 - Enfoque estratéxico: obxectivos estratéxicos e posicionamento.
 - Axenda científica: plan cuadrienal de investigación (liñas de investigación, proxectos estratéxicos, obxectivos de financiamento, internacionalización). Definición de indicadores para o seguimento eficaz de cada unha das actividades e a avaliación da súa calidade e do grao de consecución dos obxectivos.
 - Estrutura de goberno e réxime de funcionamento.
 - Proceso de vinculación e desvinculación formal de investigadores.
 - Plan de acción para impulsar o progreso do centro.
 - Plan de formación investigador do persoal do centro.
 - Recursos de apoio técnico e administrativo que necesite o centro.
 - Currículo resumido da base científica do centro: capacidades centrais dos

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHv3+1bKe6raw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	26/03/2021 14:14:34
Observacións				Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHv3+1bKe6raw==				



investigadores vinculados.

- Relación inicial de profesores e investigadores que se vaian integrar inicialmente no centro.
- Proxectos e contratos que se adscriben ao centro coa indicación das achegas económicas que levan equiparadas actualmente.
- Memoria económica.
- Viabilidade e fontes de financiamento para o desenvolvemento e a sustentabilidade da Axenda Científica.

3. Os requisitos establecidos para os investigadores promotores enténdense de aplicación no proceso de creación do centro. O mantemento e a evolución destes deben ser confirmados e valorados nos procesos ordinarios de avaliación da actividade do centro. Correspóndelles á SAB e ó CD do centro establecer a súa validación e, de ser o caso, propoñer as pautas e os obxectivos de mellora.

4. O proxecto de creación de centro proporáselle á vicerreitoría con competencias en investigación, que establecerá o proceso de avaliación da proposta (de ser posible será realizada unha avaliación externa por algunha entidade avaliadora independente, con avaliadores externos de acreditada competencia).

Para valorar as iniciativas de creación de centros teranse en conta, ademais do cumprimento dos requisitos anteriores, os seguintes criterios básicos:

- a) Claridade na definición dos obxectivos e Axenda Científica.
- b) Aliñamento coas estratexias de investigación da Universidade e coas políticas de investigación e innovación autonómica, nacional e europea.
- c) Dimensión, calidade e adecuación do equipo científico en materia de investigación e formación de investigadores.
- d) Programa de traballo para acadar os obxectivos propostos.
- e) A Singularidade nos obxectivos do centro respecto da Universidade.

5. O reitor, ou vicerreitor con competencias en investigación, someterá a proposta de creación á consideración do Consello de Goberno da UDC.

Artigo 11. Modificación e supresión

Calquera proposta de modificación dun centro, fusión con outros centros, institucións ou entidades, ou a súa supresión, deberá ser comunicada á vicerreitoría competente en investigación, para que, logo do informe favorable da Comisión de Investigación da UDC, poida ser trasladada para a súa consideración polo Consello de Goberno.

As seguintes son causas da supresión dun centro de investigación:

- a. Acordo da maioría absoluta dos membros do centro.
- b. Proposta do CD do centro cun informe favorable da Comisión de Investigación da UDC.
- c. Incumprimento dos estatutos, obxectivos ou finalidades propostas inicialmente.

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	26/03/2021 14:14:34
Observacións				Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==				



d. Que o número de investigadores garantes estea por debaixo do mínimo durante 2 avaliacións consecutivas.

e. Falta de fontes de financiamento adecuadas para o desenvolvemento do seu obxecto.

No caso de centros interuniversitarios, mixtos ou adscritos, a proposta de modificación ou supresión poderá realizar, mediante a denuncia do acordo de creación, calquera das partes asinantes e será estudada pola Comisión de Investigación da UDC.

Artigo 12. Seguimento

1. Os centros de investigación dependerán da vicerreitoría competente en investigación.

2. Anualmente deberán presentar un informe de actividade á UDC. Por outra banda, a vicerreitoría competente en investigación presentará unha lista actualizada dos seus compoñentes onde se reflictan as eliminacións e as novas incorporacións.

3. Cada catro anos enviaráselle á vicerreitoría competente en investigación un informe de avaliación do centro emitido pola SAB e aprobado polo Consello Reitor do centro.

Artigo 13. Dotación e financiamento

Cando a UDC considere a creación dun centro de investigación deberá satisfacer certas necesidades para a súa posta en marcha e fornecelo dos recursos técnicos, humanos e económicos precisos.

Cando se crea un centro, a UDC dotaráo dun espazo físico para desenvolver a súa actividade.

Artigo 14. Rede de centros

1. Co obxectivo de asegurar un funcionamento coherente e unha evolución equilibrada dos centros de investigación operativos na UDC, a vicerreitoría con competencias en investigación propiciará o seu funcionamento en rede e promoverá a coordinación metodolóxica e organizativa dos diferentes centros. A Rede de Centros e Institutos de Investigación da UDC impulsará a colaboración entre os centros cos seguintes obxectivos:

- Procurar estratexias de converxencia en obxectivos científicos no marco das respectivas axendas científicas.
- Deseñar conxuntamente programas de atracción, captación e formación de talento científico.
- Organizar procesos e actividades de comunicación, divulgación e cultura científica.
- Desenvolver estratexias de captación de recursos.
- Apoiar a vicerreitoría competente en investigación na definición e implantación de criterios e programas para a promoción e organización da I+D.

2. O funcionamento en rede propiciará que os centros compartan recursos técnicos e de persoal para lograr os obxectivos definidos nos seus proxectos estratéxicos.

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	26/03/2021 14:14:34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHV3+1bKe6raw==		
		Páxina	8/9



3. Poderán participar na rede de centros outras estruturas de investigación de especial relevancia no seu ámbito científico de acordo co establecido no parágrafo anterior.

Disposición adicional

Facúltase a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia para desenvolver o disposto nesta normativa.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da UDC.

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do 25/03/2021.

O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	mLiFbKkp3UHv3+1bKe6raw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	26/03/2021 14:14:34
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mLiFbKkp3UHv3+1bKe6raw==		

